



ANPA COLEXIO “A PAZ” TINTUREIRA

anpatintureira@hotmail.com

A ANPA Tintureira do CEIP A Paz dalles a benvida ao curso 2018/2019.

Esta asociación serve de intermediaria entre o centro e as familias, representa a nais e pais no consello escolar, organiza as actividades extraescolares e xestiona o servizo de madrugadores, todo co fin de axudar no posible a mellorar o cole.

Para presentar o programa da ANPA deste curso e escoitar as vosas suxestións de mellora ou ofertas de axuda, convocámosvos a unha **reunión o Xoves 27 de Setembro ás 19:00h.**

Cousas a ter en conta para facerse socio:

IMPORTE: 12 €/ano por familia

DOCUMENTACIÓN:

Entrega na oficina da ANPA a ficha de socio cuberta (1 por familia)

Xustificante de pago (Banco Santander: ES84 0049 0170 5422 1026 4931) indicando o nome da familia ou pago da cota na oficina da ANPA.

HORARIO DA ANPA: Setembro: todos os días de 9:15 a 9:30 / A partires de Outubro: Luns de 16 a 17h, Martes de 9:15 a 9:30

PRAZO PARA FACERSE SOCIO: Ata o 31 de Outubro.

Vantaxes de ser socios

- Participación nas actividades extraescolares e madrugadores con desconto.
- Desconto noutras actividades e eventos/excursións, posibles axudas para excursións, etc.
- Organización de festas especiais para socios (Nadal e Fin de curso) e outras actividades culturais.
- Agasallos no Nadal e na graduación.
- Plataforma de apoio ante instancias educativas e organización de actividades de defensa do ensino, condicións educativas, mobilizacións, etc.

Normas importantes para as actividades extraescolares

- Ningún neno pode facer uso do servizo de madrugadores ou das actividades extraescolares con débedas pendentes na ANPA.
- É imprescindible notificar previamente na ANPA o comezo do uso das mesmas e **pagar o seguro escolar** (5€/ano)
- **Compromiso de mantemento durante todo o trimestre.** A inscrición nunha actividade esixe a participación continua durante un trimestre completo. No caso de baixa, debe abonarse o trimestre completo igualmente. As baixas deberán comunicarse directamente ao ANPA (as baixas comunicadas soamente aos profesores da actividade non serán baixas efectivas).
- Os pagos realizaranse durante a primeira semana do mes correspondente por transferencia bancaria -Banco Santander **ES84 0049 0170 5422 1026 4931**. Pódese realizar pago mensual, trimestral ou anual da actividade. O impago de dous meses consecutivos supón a baixa inmediata na actividade, salvo aviso por anticipado ao ANPA.
- Gardas: A participación nas actividades implica a realización dalgunha garda (co horario das actividades dese día).
- Para realizar os grupos das actividades é necesario entregar a **ficha cuberta antes do 27 Setembro**.
- Comezo das actividades: Luns 1 de Outubro.

O incumprimento de calquera destas normas pode levar consigo a baixa como socio.